

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

24437 *ORDE APA/3164/2002, do 11 de decembro, pola que se establece e regula a base de datos informatizada Sistema Nacional de Identificación e Rexistro dos Movementos dos Porcinos (SIMOPORC).* («BOE» 300, do 16-12-2002.)

O Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, dispón nos seus artigos 11 e 12, para as comunidades autónomas que implanten no seu territorio un sistema de redes de vixilancia epidemiolóxicas de cara á loita contra as enfermidades animais, a xestión dunha base de datos informatizada que inclúa a relación das explotacións porcinas e os movementos dos animais porcinos. Pola súa vez, a citada norma, no seu artigo 13, faculta a Dirección Xeral de Gandería do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para integra-los sistemas autonómicos de redes de vixilancia nun sistema nacional que se estenda á totalidade do territorio español.

A Decisión da Comisión 2000/678/CE, do 23 de outubro, establece as normas para o rexistro de explotacións nas bases de datos nacionais sobre animais da especie porcina contempladas na Directiva 64/432/CEE do Consello, incorporada ó ordenamento interno polo Real decreto 434/1990, do 30 de marzo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables ó comercio intracomunitario de animais vivos da especie bovina e porcina, derogado e substituído polo Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro.

En virtude da disposición derradeira primeira do Real decreto 1716/2000, que faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para dicta-las disposicións técnicas necesarias para coordina-los sistemas autonómicos de redes de vixilancia epidemiolóxicas e crear un sistema nacional de redes, mediante esta orde créase a base de datos informatizada «Sistema Nacional de Identificación e Rexistro dos Movementos Porcinos» (SIMOPORC).

A arquitectura do sistema será similar á vixente para o Sistema Nacional de Identificación e Rexistro dos Movementos dos Bovinos (SIMOGAN), da que tomará a infraestrutura.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Finalidade e contido da base de datos.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas nos seus respectivos ámbitos competenciais constitúen a base de datos informatizada denominada Sistema Nacional de Identificación e Rexistro dos Movementos Porcinos, en diante SIMO-

PORC, de conformidade co disposto no artigo 12 e na disposición adicional sexta do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina.

A base de datos conterá para cada grupo de animais porcinos que se movan e para cada explotación situada no territorio español, polo menos os datos que se relacionan no anexo I desta disposición.

Artigo 2. *Arquitectura da base de datos SIMOPORC.*

1. A arquitectura do sistema responderá a un modelo de base de datos distribuída, e estará integrada por:

a) Un servidor central no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Unha canle de comunicacións entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e tódalas comunidades autónomas.

c) Un equipamento en cada comunidade autónoma denominado Punto de Intercambio de Datos (PID) conectado á rede de cada comunidade autónoma de forma que, desde este equipo, sexa accesible tanto o servidor autonómico como a comunicación co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

d) Os datos mínimos que se citan no anexo I desta orde, que residen en cada servidor autonómico.

2. Todos estes elementos forman parte do Sistema Nacional de Identificación e Rexistro dos Movementos dos Porcinos, SIMOPORC, que é único para todo o territorio nacional.

Artigo 3. *Localización e acceso á información.*

1. A información relativa ás explotacións residirá no servidor autonómico da comunidade autónoma na que cada explotación estea localizada e será accesible para os usuarios da propia comunidade autónoma nas condicións que esta determine.

2. O servidor central do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación disporá dun rexistro de tódalas explotacións do estado coa información básica sobre elas que se establece no anexo II desta orde. Esta información será transmitida polas comunidades autónomas ó servidor central e manterase actualizada neste en tempo real mediante o envío, da forma que determinen os protocolos técnicos de SIMOPORC, das oportunas comunicacións. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dará, así mesmo, acceso a esta información a aqueles usuarios autorizados das comunidades autónomas.

3. A información relativa ós movementos de animais entre explotacións residirá no servidor da comunidade autónoma na que se encontre o lote de animais en cada momento, e será accesible para os usuarios autorizados da comunidade autónoma na forma que esta determine, así como para usuarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

4. Para os efectos do descrito no número anterior, o sistema garantirá que cando un lote de animais aban-

done unha comunidade autónoma con destino a outra, a información sobre o movemento destes animais quede rexistrado no servidor central.

5. O servidor central recollerá e manterá, ademais, durante tres anos a información completa dos lotes de animais que son introducidos no noso país desde outros estados membros da Unión Europea ou desde países terceiros e a daqueles animais ou lotes de animais que abandonen o territorio español. Estes datos encóntranse relacionados no anexo III da presente orde.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas establecerán as medidas necesarias que garantan a autenticidade, integridade, protección e conservación dos ficheiros situados nos seus respectivos equipos.

Artigo 4. *Funcionamento de SIMOPORC.*

1. Os protocolos de carácter técnico que aseguren a coordinación e o funcionamento da base de datos no conxunto do estado, serán elaborados en colaboración coas comunidades autónomas e aprobados no seo da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación asegurará o funcionamento correcto do servidor central e do seu nodo de conexión á rede do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. Así mesmo, asegurará o mantemento e funcionamento dos equipamentos destinados a actuar como punto de intercambio de datos en cada comunidade autónoma.

4. As comunidades autónomas garantirán o mantemento e o funcionamento da base de datos no seu ámbito territorial, para o cumprimento do establecido no Real decreto 1716/2000 e, en particular, establecerán os sistemas que permitan coñecer e rexistra-los movementos de porcinos en tempo real.

5. Así mesmo, as comunidades autónomas organizarán a infraestrutura técnica no seu ámbito que possibilite a conexión do servidor autonómico á rede do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dun modo directo e establecerán o procedemento que permita responder de forma inmediata e correcta ás peticións de información do sistema e envía-las comunicacións correspondentes.

6. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación rexistrará na Axencia de Protección de Datos aqueles ficheiros situados no servidor central e nos PID que, pola natureza do seu contido, estean contemplados no ámbito de aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 5. *Financiamento de SIMOPORC.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación financiará cos correspondentes créditos dos orzamentos xerais do Estado de cada exercicio, os custos derivados de:

a) O deseño do sistema no seu conxunto e o desenvolvemento necesario para a súa posta en funcionamento.

b) Os investimentos en equipos a nivel central.

c) O mantemento operativo do servidor central e os puntos de intercambio de datos, incluíndo a actualización de software.

d) Os gastos xerados pola utilización da rede de comunicacións de acordo cos convenios de colaboración subscritos entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas, segundo os criterios que para tal efecto sexan establecidos, no ámbito da Conferencia Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de decembro de 2002.

ARIAS CAÑETE

ANEXO I

Datos mínimos que compoñen SIMOPORC

1. *Datos de explotacións porcinas*

1.1 Datos básicos:

Código SIMOPORC da explotación.

Código local.

Nome da explotación.

Enderezo e código postal.

Coordenadas xeográficas: lonxitude e latitude.

Estado actual da explotación e data de cambio de estado.

Código do responsable sanitario oficial.

Código da agrupación de defensa sanitaria (ADS) á que pertence a explotación (soamente se pertence).

Código da integradora á que pertence a explotación (soamente se pertence).

Réxime da explotación.

Clasificación da explotación.

Capacidade productiva.

Restricción ó movemento de entrada e motivo de restricción.

Restricción ó movemento de saída e motivo de restricción.

Observacións.

1.2 Titulares:

Datos do(s) titular(es) da explotación: NIF, nome, enderezo, provincia, municipio, código postal e teléfono de contacto. Poderanse rexistrar tanto o(s) propietario(s) das instalacións como o(s) titular(es) do libro de rexistro.

1.3 Capacidade máxima autorizada:

Capacidade máxima autorizada en prazas para cada unha das categorías de porcino existentes.

1.4 Mellor censo dispoñible:

Mellor censo dispoñible para cada unha das categorías de porcino existentes, data e causa de actualización.

1.5 Datos de vacinacións:

Enfermidade e data de vacinación.

1.6 Datos de controis sanitarios:

Enfermidade e data do control por categorías de porcino: número de animais existentes, número de animais que pasaron o control, número de animais positivos.

1.7 Cualificacións sanitarias:

Cualificación e data de obtención ou perda.

1.8 Responsable sanitario oficial:

Código identificativo da UVL.

Nome, enderezo, provincia, municipio, código postal, teléfono de contacto, fax e enderezo de correo electrónico.

Datos dos veterinarios pertencentes á oficina: nome, NIF.

1.9 Datos da ADS:

Código identificativo da ADS.

CIF.

Data de resolución ou de alta.

Nome, enderezo, provincia, municipio, código postal, teléfono de contacto, fax e enderezo de correo electrónico.

Datos dos veterinarios pertencentes á ADS: nome, NIF.

1.10 Agrupamentos:

Código único identificativo do grupo.

Tipo.

Estado do grupo e data do cambio de estado.

Nome do grupo.

Observacións.

Código de cada unha das explotacións que pertence ó grupo e data na que se engade ou dá de baixa no grupo.

2. *Datos de movementos*

2.1 Movementos:

Código identificativo único do movemento.

Código identificativo da guía.

Data de expedición da guía ou documento sanitario de acompañamento.

Código da explotación de orixe.

Data de saída.

Lugar de orixe.

Código da explotación de destino.

Data de chegada.

Lugar de destino.

Indicador de recrotalación.

Tipo de medio de transporte.

Identificación do tipo de medio de transporte utilizado.

Tipo de responsable do movemento.

Identificación do responsable do movemento.

Número de lotes do movemento.

2.2 Composición do movemento:

Código identificativo único do movemento.

Categoría dos porcinos do lote.

Número de porcinos da categoría indicada involucrados no movemento.

ANEXO II**Datos de explotacións residentes no servidor central para consultas de usuarios autorizados**

1.1 Datos básicos:

Código SIMOPORC da explotación.

Código local.

Nome da explotación.

Enderezo e código postal.

Coordenadas xeográficas: lonxitude e latitude.

Estado actual da explotación e data de cambio de estado.

Código do responsable sanitario oficial.

Código da agrupación de defensa sanitaria (ADS) á que pertence a explotación (soamente se pertence).

Código da integradora á que pertence a explotación (soamente se pertence).

Réxime da explotación.

Clasificación da explotación.

Capacidade productiva.

Restricción ó movemento de entrada e motivo de restricción.

Restricción ó movemento de saída e motivo de restricción.

Observacións.

1.2 Titulares:

Datos do(s) titular(es) da explotación: NIF, nome, enderezo, provincia, municipio, código postal e teléfono de contacto. Poderanse rexistrar tanto o(s) propietario(s) das instalacións como o(s) titular(es) do libro de rexistro.

ANEXO III**Información residente no servidor central sobre lotes de animais**1. *Animais importados*

Código identificativo do movemento.

Código identificativo do certificado sanitario de acompañamento.

Data de expedición do certificado sanitario de acompañamento.

Código da explotación de orixe.

Data de saída.

País de orixe.

Código da explotación de destino.

Data de chegada.

Lugar de destino.

2. *Movementos entre comunidades autónomas (CCAA)*

Código identificativo do movemento.

Código identificativo da guía.

Data de expedición da guía.

Código da explotación de orixe.

Data de saída.

Lugar de orixe.

Código da explotación de destino.

Data de chegada.

Lugar de destino.

3. *Animais exportados*

Código identificativo do movemento.

Código identificativo do certificado sanitario de acompañamento.

Data de expedición do certificado sanitario de acompañamento.

Código da explotación de orixe.

Data de saída.

Lugar de orixe.

Código da explotación de destino.

Data de chegada.

País de destino.

24529 *ORDE APA/3188/2002, do 11 de decembro, pola que se modifica a Orde do 23 de maio de 1986 e as ordes do 1 de xullo de 1986 sobre control e certificación de sementes e plantas de viveiro. («BOE» 301, do 17-12-2002.)*

A experiencia adquirida como consecuencia da aplicación da Orde do 26 de decembro de 2001 pola que se modifica a Orde do 23 de maio de 1986 e as ordes do 1 de xullo de 1986 sobre control e certificación de sementes e plantas de viveiro, que incorporaba ó noso ordenamento xurídico a Directiva 2001/64/CE, do Consello, do 31 de agosto de 2001, pola que se modifican as directivas 66/401/CEE e 66/402/CEE, puxo de mani-